



**ACTA Nº 3 DA MESA DE CONTRATACIÓN.  
CONTRATO “SUBMINISTRACIÓN DUN TRACTOR CON ROZADORA LATERAL  
HIDRÁULICA”.**

**ASISTENTES:**

**Presidente:**

- D. José Luis Oujo Pouso (Alcalde-Presidente).

**Vogais:**

- D. Antonio Romero Ribeiro (Concelleiro Delegado de Promoción Económica)
- D<sup>a</sup>. María José Maneiro Quintáns (Concelleira Delegada de Facenda).
- D. José Manuel González García (secretario do Concello).

**Secretaria:**

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Carmen Rodríguez Monzón (auxiliar administrativa do Concello).

**INICIO:** 10:15 horas.// **REMATE:** 10:25 horas.

Nas dependenzas da Alcaldía do Concello de Porto do Son, o **3 de outubro de 2016**, reúnese a Mesa de Contratación designada no procedemento para adxudicar o contrato “Subministración dun tractor con rozadora lateral hidráulica” (cláusula 18<sup>a</sup> do prego de cláusulas administrativas particulares), baixo a presidencia de D. José Luis Oujo Pouso e coa asistencia dos vogais que se relacionan á marxe, ao obxecto de tratar os asuntos que se indican.

Non asiste D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Mar Lirola Delgado, interventora do concello.

Verifícase o cumprimento do quorum esixido pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

**ÚNICO.- Acto público de apertura do sobre nº 3 (“Criterios de avaliación automática”) presentado polos licitadores no procedemento para adxudicar o contrato “Subministración dun tractor con rozadora lateral hidráulica”.**

Non asiste ningún representante das empresas licitadoras.

Por indicación do Sr. presidente, o secretario do Concello procede a dar conta dos seguintes extremos:

- Empresarios que concorreron á licitación: MAQUINARIA AGRÍCOLA DEL NOROESTE, S.L. e JOSÉ RAMÓN LOIS SIMÁNS.
- Empresarios excluídos do procedemento e causas da exclusión: ningún.
- Puntuación obtida polos licitadores na fase de valoración das “Referencias técnicas” (sobre nº 2):
  - MAQUINARIA AGRÍCOLA DEL NOROESTE, S.L.: 18 puntos.
  - JOSÉ RAMÓN LOIS SIMÁNS, S.L.: 12 puntos.

De seguido, procédese á apertura, por orde alfabético, do sobre nº 3 (“Criterios de avaliación automática”) das proposicións presentadas polos empresarios admitidos na licitación, resultando:


CRITERIOS	MAQUINARIA AGRI. NOROESTE,SL	JOSÉ RAMÓN LOIS SIMÁNS
<b>Melloras (en euros)</b>	21.600,00 €	830,00 €
<b>Ampliación prazo garantía (meses)</b>	12 meses	24 meses (tractor); 12 meses (rozadora)
<b>Prezo bens entrega o concello</b>	8.500,00 €	8.000,00 €
<b>Oferta económica (s/ IVE)</b>	79.338,01 €	79.325,83 €

Concluída a apertura do sobre nº 3 (“Criterios de avaliación automática”), a Mesa de Contratación, por unanimidade, **ACORDA:**

**Único.-** Solicitar aos servizos municipais informe de valoración das proposicións presentadas polos licitadores (sobre nº 3 "Criterios de avaliación automática").

Porto do Son, 3 de outubro de 2016.

**Presidente,**



D. José Luis Oujo Pouso.

**Vogal,**




D.ª María José Maneiro Quintáns.

**Vogal,**



D. Antonio Romero Ribeiro.

**Vogal,**



D. José Manuel González García.

**Secretaria,**



D.ª M.ª Carmen Monzón Rodríguez.